

ANUNCIO

Aprobados os **Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares** que rexen a contratación, mediante procedemento aberto, da obra de **“Obras de adecuación e mellora nos centros educativos de Portonovo, Noalla, Sanxenxo, Nantes, Vilalonga e Dorrón”**, anúnciase a convocatoria respectiva:

1. **Obxecto:** A contratación das obras de **“Obras de adecuación e mellora nos centros educativos de Portonovo, Noalla, Sanxenxo, Nantes, Vilalonga e Dorrón”**.
2. **Procedemento:** Aberto. **Tramitación:** Urxente.
3. **Prezo de licitación:** 291.042,63 € (sen IVE).
4. **Prazo de realización das obras:** Até o día 31 de decembro 2010.
5. **Clasificación do contratista:** Non se esixe.
6. **Garantías:** Provisoria non se esixe. Definitiva: 5% do prezo de adxudicación (sen IVE).
7. **Publicidade:** Mediante anuncio no perfil de contratante da páxina web municipal (www.sanxenxo.es), no BOP e no DOG.
8. **Prazo de presentación de ofertas:** Trece (13) días naturais a contar dende o seguinte ao da última publicación do presente anuncio, sexa ésta no BOP ou no DOG.
9. **Lugar de presentación das ofertas:** Dirixidas á Sra. Alcaldesa-Presidenta, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo-R/Consistorio, 4-CP 36960-Sanxenxo, de 9,00 a 15,00 horas de luns a venres e de 9 a 13,00 horas os sábados.
10. **Mesa de contratación:** Será constituída consonte dispoñen os pregos de cláusulas administrativas particulares respectivos.
11. **Criterios de adxudicación:** Cláusulas 9, 10 e 17 dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación.
12. **Órgano de contratación:** Alcaldía Presidencia.
13. **Entidade e información:** Concello de Sanxenxo. Páxina web municipal (www.sanxenxo.es) Perfil de contratante – Departamento de Contratación. Tel.: 986720075.
14. **Documentación:** Recollerase no Concello de Sanxenxo, a través da web www.sanxenxo.es-Perfil de Contratante- e Copistería *Sanxenxo*-Tel.: 986.720726.

Sanxenxo, 30 de marzo de 2.010

A alcaldesa presidenta



Asdo. Catalina González Bea